



TESOUROS ECOLÓXICOS



Charaxes jasius.
Só vive nas zonas onde hai érbedos.

OS ANIMAIS

As serras, sobre todo as áreas de bosque e as máis illadas, son a maioría das veces, o último refuxio para especies de animais escasas ou en perigo de extinción como os grandes mamíferos (oso pardo, lobo), as aves (especialmente paxaros e rapinas ou a case extinguida pita do monte) e gran variedade de insectos.



Vacaloura, o insecto máis grande de Galiza. Está en perigo de extinción en toda Europa.



Aporia Crataegi.
En Galiza só se atopa no sur de Ourense.



Lagarto da serra (*Iberolacerta monticola*). Endémica da Península Ibérica, que en Galiza só se atopa nas montañas orientais e do norte.



Águia real. Nos últimos anos soltáronse exemplares nos montes do Xurés.



O **oso**, que se consideraba extinguido, visita as serras orientais cada vez con máis regularidade.

O **cabalo galego** que vive en liberdade nas montañas galegas é unha raza autóctona




Víbora de Seoane (*Vipera seoanei cantabrica*). Endémica do norte peninsular. En Galiza só se atopa nos Ancares, Courel e Trevinca.



Choiá biquivermella. Un ave da que cada vez se ven menos exemplares. Atópase nas serras orientais e nalgúns cantís costeiros.

Vacas cachenas. Nas zonas montañosas do sur de Ourense consérvanse cinco razas de vacas autóctonas. A máis numerosa é a cachena, que se cría na serra de Olelas.



Da maioría destes animais só quedan uns poucos exemplares en reductos moi limitados das montañas.



Bufo real




Voitre branco




Charrela



Pita do monte



Morcego das covas



Leirón



Marta



Gato bravo